



# O CARBALLO E O PIÑEIRO

## SER DUN TEMPO E DUNHA TERRA

En certa ocasión escoiteille dicir a Don Alvaro Cunqueiro que cando un lobo quere mudarse de comarca en Galicia, busca o carballo máis vello de cantos haxa na liña divisora entre as dúas comarcas, e comeza a preguntarlle cousas máis o menos intrascendentes como: "¿E viches pasar para aló unha muller? ¿E viches pasar un pequeno? ¿E viches pasar un home cun traxe de pana?"

Despois destas preguntas que nin van nin veñen, pregúntalle o que a el, ó lobo, verdadeiramente lle interesa: "¿E viches pasar o lobo para a banda de alá? ¿E víchelo pasar para aquí?" Se o carballo responde que o viu pasar para aló e que non o viu pasar para a acó, o lobo traspasa xa esa liña divisoria tan tranquilo, por que sabe que o carballo non lle mente, e que polo mesmo, da outra banda xa hai lobos que están a gusto, proba diso é que non retornaron.

O lobo sabe que o carballo non lle mente; porque é a árbore máis veraz da creación, a máis rexa, a de máis señorío espiritual.

Cando escoitei estas cousas, moito me chamaron a atención e dende aquela sempre me andaron dando voltas nos miolos, agardando a oportunidade de poder comprobar por min mesmo que eran certas. E chegou cando menos o agardaba.

Chegou nun anoitecer morriñento e bretemoso de mediados do mes de maio, en que eu pasaba, cabaleiro sobre unha besta mantida a conciencia, por xunto dun rego e apeeime para darlle de beber.

A carón do rego hai un carballo ó que eu sempre recordaba alí. Un pouco máis arriba había tamén un piñeiro da raza dos "Insignis", que recordaba nacer. Non sei como viñeran afincarse nin un nin o outro preto da ribeira. Mentres lle asubiaba á besta para que bebese, xa que beben mellor asubiándolles, escoitei estas verbas:

- Achégate máis para aló, ou desaparece, que non me deixas estirar as raíces e vou pillar un reumatismo por culpa da túa sombra sempre húmida.

Erguín a cabeza e vin que quen falara daquel xeito fora o piñeiro dirixíndose ó carballo, que lle respondeu:

- Non te fagas tan delicado, rapaz, que se alguén ten que apartarse, ese serías ti. Non esquezas que eu estou aquí dende sempre, e ti coma quen di, es de onte.

Seguiu o piñeiro moi resolto:

- Tes razón que eu son de onte e ti de sempre, para a túa vergonza; porque, sendo eu de onte xa arrombo tanto coma ti. Debiches medrar desvitaminado e sofres raquitismo; nótaseche ás légoas na pel engurrada e verruguenta.

Botei de conta que aquela conversa deparábame a ocasión de saber algunhas cousas non só do carballo, senón tamén do pino. Nisto, respondeu o carballo sen perder en nada a súa circunspección:

- Non esquezas que as cousas non se deben medir polo tamaño, senón pola calidade. Pola calidade de dentro máis que pola de fóra. O de fóra son aparencias. E no tocante á pel, non a cambio pola túa, tan delicada que asoma o sangue pegadizo ó máis pequeno raspuño.

A conversa deixaba entrever unhas relacións non moi cordiais que se diga entre os dous veciños, aínda que ningún dos dous alterara aínda a voz. Xa me tardaba que respondese o piñeiro, que non se fixo de

